



POESÍA COMPLETA

Lois Pereiro

Edición de Ana Acuña

LETRAS GALEGAS 2011


XERAIS CIÁSICOS (1333112)

224 páxinas

ISBN: 978-84-9914-200-5

P.V.P: 16,15 euros

NOVIDADES FEBREIRO 2011



«**POESÍA COMPLETA**» DE **LOIS PEREIRO**
LETRAS GALEGAS 2011. AÑO PEREIRO

LITERATURA URBANA AMBIENTADA NOS ESPAZOS PÚBLICOS (RÚAS, TRENS, METRO, BARES...) COMA AS PELÍCULAS DE DAVID LEAN E WIN WENDERS.

«O profundo coñecemento que Lois Pereiro posuía da cultura e da contracultura do seu tempo, xunto coa súa experiencia vital, explican a súa particular mirada interior e exterior e a súa escrita. Os poemas e os relatos de Lois Pereiro sitúan os seres na liminalidade porque el tamén estaba aí, na fronteira. Moitos dos seus poemas son escenas cinematográficas nun espazo fronteirizo e cuns protagonistas sumidos no movemento e na inestabilidade vital. Literatura urbana ambientada nos espazos públicos (rúas, trens, metro, bares...) coma as películas de David Lean e Win Wenders. A linguaxe do cine vén suplir, desta maneira, aquilo que resulta indescribible na escrita e mostra o que sucede no labirinto da cidade».

Son palabras de Ana Acuña, a profesora e investigadora responsable desta edición da *Poesía completa* de Lois Pereiro, que Xerais reúne por primeira vez.

Lois Pereiro (Monforte, 1958 - A Coruña, 1996) marchou estudar a Madrid aos 17 anos, onde fundou, canda Antón Patiño, Fermín Bouza, Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro, a revista *Loía*, formando parte dun dos grupos de maior renovación cultural da segunda metade dos 70. Ao seu regreso a Galicia, colabora na revista *Luzes de Galiza* e participa nas antoloxías *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985). Como poeta, deu á luz dous libros, *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), e un terceiro, *Poemas para unha Loía* (1997), que se publicou postumamente. Pereiro legou á poesía galega uns versos de extraordinaria forza e brillante modernidade.